



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA**Mesa de Acordo de Carreira Administrativa**

No día de onte a AEAT reuniu aos sindicatos asinantes do Acordo de Carreira Administrativa, entre os que está a CIG.

A intervención da AEAT, extensa, comezou mediante a exposición de multitude de datos sobre a ocupación, a tramos de carreira, do persoal, necesidades da AEAT, etc.

Hai unha limitación importante para que se poidan levar a cabo as reclasificacións que é que as distintas leis presupuestarias desde o ano 2011 impiden que se produza incremento das retribucións do persoal polo que sería necesario unha norma con rango de lei para autorizar a posta en marcha de calquera mellora salarial.

Do que nos interesa a nós, as reclasificacións, ningunha garantía. Todas as posibles xestións que poida facer a AEAT pasan polas necesarias modificacións normativas que deben ser aprobadas nos ámbitos correspondentes. Nin se concretaron as xestións que se están a facer, nin sabemos se realmente se están facendo. Aínda por riba, como todos podemos ver nestes días na prensa, é improbable que se aproben os orzamentos do Estado para este ano polo que temos que ser prudentes e non crear falsas expectativas. Parece mentira que haxa cartos para a repartir a produtividade sen control e non para a nosa carreira administrativa, pero é así tal cual.

Cremos que é o momento de que a AEAT se molle polos seus traballadores, que o Director da AEAT defenda e poña en valor ao persoal da AEAT e que non se preocupe só polos de arriba senón polos que sacan o traballo adiante, os que sufriron, e sofren, as consecuencias da crise.

A AEAT segue nas mesmas en relacionar a Carreira Administrativa e o PEIA para asegurarse o beneplácito da parte social e moito nos tememos que pasará como o ano pasado co persoal laboral: asinouse o PEIA para que "supostamente" poideran cobrar o PEIA e logo non cobraron.

Nos temos clarísimo que son cousas totalmente distintas e que non hai que vincular que haxa acordo do PEIA pero sí estamos a favor que os cartos da produtividade se adiquen a retribucións fixas. Mostra da pouca vontade da AEAT co Acordo de Carreira é que hai moitos aspectos importantes do Acordo que se poden tratar e mellorar e dos que a AEAT non quere nin falar: incluír ao persoal laboral, concursos, avaliación do desempeño, carreira vertical mellorar as condicións da promoción interna, etc.

¡¡¡ Queremos reclasificacións XA!!